

O PIRATA VALENTE

Textos de RICARDO ALCÁNTARA

Ilustracións de GUSTI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón con esquinas redondeadas. 17,5 x 22 cm. 12 páx. 10 €.

O pirata valente (galego)

ISBN 978-84-8464-448-4. Acartonados. Prelectores.

El pirata valiente (castelán)

ISBN 978-84-8464-449-1. Acartonados. Prelectores.

El pirata valent (catalán)

ISBN 978-84-16804-65-8. Cartró. Pre-lectors.

Pirata ausarta (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-083-6. Kartoizko. Orriak.

O pirata valente (portugués)

ISBN 978-989-749-113-9. Cartonados. Preleitores.

Il pirata favoloso (italiano)

ISBN 978-84-8464-442-2. Cartonati. Prelettori.



*O PIRATA BRAIS E TAN FERROZ
QUE NINGUEN SE ATREVE A LEVANTARLLE A VOZ.*

*CANDO SE BOTA AO MAR BRAVO,
OS DEMAIS PIRATAS TREMELICAN DECONTADO...*

Que sucede cando un feroz pirata sobe ao pau maior do seu navío e, en plena aventura, a súa nai chámalo para que vaia merendar? A ilimitada capacidade do maxín infantil para que calquera obxecto sexa un elemento de xogo e de goce está presente neste libro do tándem creativo formado por Ricardo Alcántara e Gusti. “O pirata valente” cumpre 30 anos estimulando a fantasía coas divertidas rimas dunha trepidante peripecia que, sen saír da casa, invita a sucari os mares facendo abordaxes e buscando tesouros.

A historia do pequeno Brais lémbra-nos o intrépido Max de “[Onde viven os monstros](#)”, de Maurice Sendak, e “[O pirata Pata de Lata](#)”, de Oli e Ramón Trigo.

As ilustracións participan do dinamismo literario con trazos áxiles e escenarios esquemáticos suavemente coloreados onde o protagonista non para quedo: lánzase cunha corda, manexa o temón e os anteollos... Destaca a habilidosa e expresiva proposta para reflectir o tránsito da ficción á realidade que, lonxe de truncar o ritmo do relato, refórzao en intensidade e humor.



■ **Temática:** aventura imaxinaria.

■ **Idade recomendada:** prelectores.

■ **Aspectos destacables:** rimas, dinamismo; xogo, imaxinación, fantasía; do ilustrador de “[Teño uns pés perfectos](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-pirata-valente-g>

Ricardo Alcántara

(Montevideo, 1946)

Estudou Psicoloxía en São Paulo pero, en 1975 trasladouse a Barcelona, onde reside dende entón, dedicado á literatura. Publicou máis dun cento de libros, entre novelas -algunhas traducidas a numerosas linguas- e obras para público infantil e xuvenil. Recibiu os premios Austral Infantil 1987, Lazarillo 1987 e Apelles Mestres 1990. A súa produción literaria figura na Lista de Honra do Banco do Libro de Venezuela e The White Ravens.

Gusti

(Bos Aires, 1963)

Estudou na Escola de Arte Fernando Fader e enfocou o seu traballo á animación para televisión, a ilustración de cómic e álbum ilustrado. Trasládouse a Europa en 1985: París, Madrid e Barcelona. Recibiu, entre outros, o Premio Apelles Mestres e a Mazá de Ouro de Bratislava (1989), o Premio Nacional de Ilustración (1990), o Premio Lazarillo (1991), o diploma de honra do Premio Iberoamericano de Ilustración (1994), os premios Serra d'Or e Junceda (2007, 2015). A súa obra foi destacada na lista The White Ravens, no Banco do Libro de Venezuela e na Lista de Honra IBBY. Imparte un postgrao de ilustración na escola de deseño Eina. Ademais de colaborar en proxectos relacionados coa natureza, é cofundador de Windown-La Ventana, unha asociación que traballa as artes plásticas con persoas con diferentes capacidades.

<http://gustiart.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com